

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 11 de abril de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día once de abril de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(322).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

## **2(323).- CESIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3826/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 7.04.16, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Contratación e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de limpeza da casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por procedemento aberto (PCAP).
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).
- Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LGSS).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LGT).

### **ANTECEDENTES**

D. Adolfo González González, en nome e representación de LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U. (en adiante LINORSA ou o cedente), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de data 29 de marzo de 2016, solicita autorización para a cesión do contrato do servizo de limpeza da casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo, do que é adxudicataria, á MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.(en adiante MANTELNOR ou o cesionario)

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 3 de agosto de 2012, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros extremos, "Aprobar o procedemento aberto e tramitación ordinaria para o expediente de contratación do "Servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias municipais do Concello de Vigo", así como os pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

Segundo.- En data 24 de maio de 2013, trala tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local, acordou a adxudicación do contrato a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U. Este acordo foi obxecto dunha corrección de erros materiais en data 28 de xuño do mesmo ano.

Terceiro.- En data 14 de xuño de 2013, formalizouse o contrato en documento administrativo, comezando a súa execución, e en consecuencia o cómputo do prazo, en data 16 de xuño de 2013.

Cuarto.- En data 4 de abril de 2016, o xefe do servizo administrativo e control orzamentario do servizo xestor do contrato, emite informe, no que tras relatar as principais vicisitudes polas que atravesou o presente contrato, manifesta non existir impedimentos á cesión do contrato, e da traslado do expediente ó servizo de contratación para tramitar a proposta de autorización da mesma.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Lexislación aplicable á cesión

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta cesión. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

### Natureza da cesión do contrato e requisitos da mesma

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondesen ao contratista ou cedente.

Tratase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ó outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

A cesión, por imperativo do artigo 105 do TRLCSP, rexese polas súas propias normas. O TRLCSP contén a súa regulación no artigo 226. O PCAP que rexe este contrato regúlaa na cláusula 36.

O presuposto básico da cesión é que o contrato sexa susceptible de cesión. O artigo 226.1 non permite a cesión nos seguintes supostos:

- Cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato.
- Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.
- Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no artigo 226.2 do TRLCSP. Estes son:

- Requisitos obxectivos:
  - Que o cedente teña executado polo menos un 20% do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte da súa duración.
- Requisitos subxectivos:
  - Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración.
  - Non estea incurso nunha prohibición de contratar.
  - Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación si foi esixida ao cedente.
- Requisitos formais:
  - Que o órgano de contratación autoríceo previa e expresamente.
  - Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

O PCAP non esixe requisitos adicionais.

Analizaremos a continuación se o presente contrato é susceptible de cesión, e en caso afirmativo, se concorren os requisitos legais para a autorización da cesión do mesmo.

O obxecto do contrato que nos ocupa é a limpeza de diversas dependencias municipais. Pola natureza das prestacións obxecto do contrato no PCAP non se esixiu ningunha característica técnica ou persoal ó contratista, nin se adxudicou en atención as súas calidades.

A cesión do presente contrato non resulta ningunha restrición da competencia no mercado pois nin pola súa contía, nin pola súa duración, catro anos (apartado 4.A da FEC), afecta de modo significativo ó mercado do sector, nin é tampouco un contrato estratéxico.

Comprobado que o contrato que nos ocupa é susceptible de cesión, resta comprobar si se cumpren os requisitos esixidos pola lei para a cesión do contrato. Dos requisitos citados, é preciso comprobar se concorren os obxectivos e os subxectivos, por canto, respecto ós requisitos formais, a autorización do órgano de contratación so poderá outorgarse de concorrer aqueles, e a formalización por escrito é posterior ó acordo de autorización.

Respecto ó cumprimento dos requisitos obxectivos, hai que por de releve que o cedente xa executou máis dun 20% do importe do contrato. Efectivamente, o prazo do contrato é de catro anos e xa transcorreran as dous primeiras anualidades e 9 meses da terceira, sendo estas de idéntico importe máximo, tal e como se desprende do apartado 3.D da FEC do PCAP.

En relación á acreditación dos requisitos subxectivos, coa solicitude de cesión, o adxudicatario achega a seguinte documentación:

- Declaración xurada presentada por D. Carolina Canosa Calo, en nome e representación de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., no que esta última declara:
  - reunir os requisitos de capacidade xurídica e de obrar
  - non estar incurso en prohibición de contratar co sector público
  - estar o corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social

- coñecer os pregos que rexen o presente contrato e aceptalos incondicionalmente
  - comprometese á aceptar a cesión do contrato, caso de que sexa autorizada polo órgano de contratación
  - comprometese a prestar a garantía definitiva e a elevar a escritura pública o acordo de cesión
- Certificacións de estar o corrente das súas obrigas tributarias co Estado, a Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a Administración municipal.
  - Copias do DNI do representante, das escritura de constitución da sociedade, das sucesivas modificacións dos estatutos, da declaración de unipersonalidade, do poder de representación.
  - Certificacións de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores y Empresas clasificadas del Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, na que consta que está clasificada no grupo U, subgrupo 1, categoría D. Clasificación que coincide coa esixida no apartado 6 da FEC do PCAP que rexe a presente contratación.

Comprobada a documentación achegada, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, e a solvencia do cesionario para subrogarse na posición do cedente no presente contrato, así como que esta o corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Podemos concluír que, dado que o contrato é susceptible de cesión, que cúmprense os requisitos obxectivos e subxectivos esixidos polo artigo 226 do TRLCSP, e que o xefe do servizo administrativo e control orzamentario do servizo xestor do contrato, en informe de data 4 de abril de 2016, manifesta non existir impedimentos á cesión do contrato, procedería outorgar a autorización solicitada para a cesión do contrato. Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, “el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un cierto carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la valoración de las cualidades técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario” (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

-III-

#### Garantías do contrato

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.

- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demórra do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese ós que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ó licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato LINORSA constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 283.901,64 euros, segundo mandamento de ingreso nº 201300032540, de data 8 de maio de 2013.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

No caso que nos ocupa o contrato non foi modificado, so efectuáronse revisións de prezos. O citado artigo 99.3 do TRLCSP declara que a efectos de reaxuste de garantía non se considerarán modificacións as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión do mesmo. En consecuencia, o importe da garantía prestada polo actual adxudicatario, 283.901,64 euros, permanece invariable (artigo 102.4 do TRLCSP).

Nos casos de cesión, a lei prevé que o cesionario deberá constituír a garantía definitiva. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente.

Á vista do exposto, concluímos que MANTELNOR, deberá prestar garantía definitiva por importe de 283.901,64 euros, por calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente, LINORSA.

-IV-

#### Formalización do acordo de cesión do contrato

Outorgada a autorización para a cesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice en escritura pública, requisito formal constitutivo da mesma (artigo 226.2.d do TRLCSP).

Consecuentemente, o presente acordo sometese á condición suspensiva de formalización da cesión en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ó Concello.

-V-

#### Data dos efectos da cesión

LINORSA, no escrito solicitando a cesión, propón que esta teña efectos dende o día 1 de abril de 2016.

Respecto á data dos efectos da cesión do contrato, a xurisprudencia sinala como tal a data do inicio do prazo contractual, se ben admite a posibilidade de que a Administración poida autorizar que os efectos se produzan a partir dunha data determinada, sempre e cando ilo non resulte contrario ó interese público. Nesta liña, establece a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de outubro de 2005 (LA LEY 1938/2005) que “a tenor del párrafo segundo del artículo 182 del Reglamento, el cesionario queda subrogado en todos los derechos y obligaciones que correspondían al cedente, debiendo entenderse que esta subrogación se refiere a la totalidad del tracto de la relación contractual, y no se produce sólo a partir del momento en que se suscribe el contrato de cesión”. “[...] la finalidad del acto administrativo que autoriza la cesión es garantizar el interés público en el cumplimiento del contrato y de las obligaciones derivadas del mismo. Por tanto si existe otra entidad contratista que se considera apta para asumir las obligaciones contractuales y se entiende que el interés Público está garantizado, nada se opone a que la Administración esté actuando conforme a derecho al autorizar la cesión, y ello incluso en el caso de que sus efectos se contraigan a las obligaciones y derechos posteriores a la cesión misma. Pues la cuestión decisiva es que resulte garantizado el interés público en la ejecución de la obra, y así sucede cuando los posibles incumplimientos anteriores a la cesión puedan dar lugar a un resarcimiento de la Administración. Por otra parte y por lo que se refiere al caso de autos, ya que se hizo sin ninguna reserva, la autorización afectaba a la totalidad del negocio jurídico de cesión, y por tanto a la cláusula del contrato en que se materializó ésta en la que se establecían los derechos y obligaciones del cedente y el cesionario”.

Tendo en conta que o presente contrato ten unha plantilla numerosa de traballadores con dereito a subrogación, e que en caso de falla de pago dos salarios correspondentes ós mesmos esta Administración deberá responder de forma directa e solidaria (artigo 42.2 do ET), así como de forma subsidiaria das cotas de seguridade social (artigos 104 e 127.1 de LGSS), e subsidiariamente das obrigas tributarias (artigo 43.1.f LGT), parece contrario ó interese público renunciar a que o cesionario se subroga na posición do contratista dende o inicio do contrato. Consecuentemente, a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirá efectos dende a data do inicio da execución do mesmo.

-VI-

#### Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

No presente caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ó non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronuncíase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, que determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón

No entanto, tendo en conta que a actuación da Intervención resulta necesaria para axustar os documentos contables á nova situación, parece aconsellable darlle traslado previo da presente proposta ós efectos oportunos.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Autorizar a cesión do contrato do servizo de limpeza da casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por procedemento aberto, adxudicado a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por resolución da Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2013, á favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.*

*2º.- MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., deberá prestar garantía definitiva por importe de 283.901,64 euros, por calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente, LINORSA, S.A.U.*

*3º.- A cesión quedará condicionada á formalización da mesma en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ó Concello.*

*4º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(324).- CESIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11548/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.16, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 7.04.16, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Contratación e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

–Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo por procedemento aberto (PCAP).



-Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).

-Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LGSS).

-Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LGT).

#### ANTECEDENTES

D. Adolfo González González, en nome e representación de LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U. (en adiante LINORSA ou o cedente), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de data 29 de marzo de 2016, solicita autorización para a cesión do contrato do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo, do que é adxudicataria, á MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.(en adiante MANTELNOR ou o cesionario)

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 21 de xuño de 2010, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros extremos, "Aproba-lo expediente de contratación do Servizo de Limpeza dos Colexios Públicos e Escolas Municipais", así como os pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

Segundo.- En data 23 de novembro de 2010, trala tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local, acordou a adxudicación do contrato a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por un prezo de 10.330.936,46 euros e un prazo de catro anos, prorrogable por outros dous.

Terceiro.- En data 17 de decembro de 2010, formalizouse o contrato en documento administrativo, comezando a súa execución, e en consecuencia o cómputo do prazo, en data 1 de xaneiro de 2011.

Cuarto.- En data 31 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local, acordou a primeira prórroga do contrato para o ano 2015.

Quinto.- En data 18 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local, acordou a segunda prórroga do contrato para o ano 2016.

Sexto.- En data 5 de abril de 2016, o responsable do contrato, emite informe, no que tras relatar as principais vicisitudes polas que atravesou o presente contrato, manifesta non existir impedimentos á cesión do contrato, e da traslado do expediente ó servizo de contratación para tramitar a proposta de autorización da mesma.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable á cesión

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta cesión. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

## Natureza da cesión do contrato e requisitos da mesma

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondesen ao contratista ou cedente.

Tratase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ó outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

A cesión, por imperativo do artigo 105 do TRLCSP, rexese polas súas propias normas. O TRLCSP contén a súa regulación no artigo 226. O PCAP que rexe este contrato regúlaa na cláusula 8. 7.

O presuposto básico da cesión é que o contrato sexa susceptible de cesión. O artigo 226.1 non permite a cesión nos seguintes supostos:

- Cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato.
- Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.
- Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no artigo 226.2 do TRLCSP. Estes son:

- Requisitos obxectivos:
  - Que o cedente teña executado polo menos un 20% do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte da súa duración.
- Requisitos subxectivos:
  - Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración.
  - Non estea incurso nunha prohibición de contratar.
  - Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación si foi esixida ao cedente.
- Requisitos formais:
  - Que o órgano de contratación autoríceo previa e expresamente.
  - Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

O PCAP non esixe requisitos adicionais.

Analizaremos a continuación se o presente contrato é susceptible de cesión, e en caso afirmativo, se concorren os requisitos legais para a autorización da cesión do mesmo.

O obxecto do contrato que nos ocupa é a limpeza dos colexios e escolas municipais. Pola natureza das prestacións obxecto do contrato no PCAP non se esixiu ningunha característica técnica ou persoal ó contratista, nin se adxudicou en atención as súas calidades.

A cesión do presente contrato non resulta ningunha restrición da competencia no mercado pois nin pola súa contía, nin pola súa duración, catro anos (apartado 4.A da FEC), afecta de modo significativo ó mercado do sector, nin é tampouco un contrato estratéxico.

Comprobado que o contrato que nos ocupa é susceptible de cesión, resta comprobar si se cumpren os requisitos esixidos pola lei para a cesión do contrato. Dos requisitos citados, é preciso comprobar se concorren os obxectivos e os subxectivos, por canto, respecto ós requisitos formais, a autorización do órgano de contratación so poderá outorgarse de concorrer aqueles, e a formalización por escrito é posterior ó acordo de autorización.

Respecto ó cumprimento dos requisitos obxectivos, hai que por de releve que o cedente xa executou máis dun 20% do importe do contrato. Efectivamente, o prazo do contrato é de catro anos, con posibilidade de acordar dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Neste momento, xa transcorreu o prazo inicial do contrato e a primeira prórroga e 3 meses da segunda prórroga, sendo todas as anualidades de idéntico importe, tal e como se desprende do apartado 8.2 da FEC do PCAP.

En relación á acreditación dos requisitos subxectivos, coa solicitude de cesión, o adxudicatario achega a seguinte documentación:

- Declaración xurada presentada por D. Carolina Canosa Calo, en nome e representación de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., no que esta última declara:
  - reunir os requisitos de capacidade xurídica e de obrar
  - non estar incurso en prohibición de contratar co sector público
  - estar o corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social
  - coñecer os pregos que rexen o presente contrato e aceptalos incondicionalmente
  - comprometése á aceptar a cesión do contrato, caso de que sexa autorizada polo órgano de contratación
  - comprometése a prestar a garantía definitiva e a elevar a escritura pública o acordo de cesión
- Certificacións de estar o corrente das súas obrigas tributarias co Estado, a Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a Administración municipal.
- Copias do DNI do representante, das escritura de constitución da sociedade, das sucesivas modificacións dos estatutos, da declaración de unipersonalidade, do poder de representación.
- Certificacións de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores y Empresas clasificadas del Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, na que consta que está clasificada no grupo U, subgrupo 1, categoría D. Clasificación que coincide coa esixida no apartado 12.2 da FEC do PCAP que rexe a presente contratación.

Comprobada a documentación achegada, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, e a solvencia do cesionario para subrogarse na posición do cedente no presente contrato, así como que esta o corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Podemos concluír que, dado que o contrato é susceptible de cesión, que cúmprense os requisitos obxectivos e subxectivos esixidos polo artigo 226 do TRLCSP, e que o responsable do contrato, en informe de data 5 de abril de 2016, manifesta non existir impedimento á cesión do contrato, procedería outorgar a autorización solicitada para a cesión do contrato. Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, “el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de

julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un cierto carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la valoración de las cualidades técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario” (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

-III-

### Garantías do contrato

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demóraa do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese ós que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ó licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato LINORSA constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 437.751,46 euros, segundo mandamento de ingreso nº 201000079122, de data 12 de novembro de 2010.

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o

prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

No caso que nos ocupa o contrato non foi modificado, so efectuáronse revisións de prezos. O citado artigo 99.3 do TRLCSP declara que a efectos de reaxuste de garantía non se considerarán modificacións as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión do mesmo. En consecuencia, o importe da garantía prestada polo actual adxudicatario, 437.751,46 euros, permanece invariable (artigo 102.4 do TRLCSP).

Nos casos de cesión, a lei prevé que o cesionario deberá constituír a garantía definitiva. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente (artigo 102.4 do TRLCSP).

Á vista do exposto, concluímos que MANTELNOR, deberá prestar garantía definitiva por importe de 437.751,46 euros, por calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente, LINORSA.

-IV-

#### Formalización do acordo de cesión do contrato

Outorgada a autorización para a cesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice en escritura pública, requisito formal constitutivo da mesma (artigo 226.2.d do TRLCSP).

Consecuentemente, o presente acordo sometese á condición suspensiva de formalización da cesión en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ó Concello.

-V-

#### Data dos efectos da cesión

LINORSA, no escrito solicitando a cesión, propón que esta teña efectos dende o día 1 de abril de 2016.

Respecto á data dos efectos da cesión do contrato, a xurisprudencia sinala como tal a data do inicio do prazo contractual, se ben admite a posibilidade de que a Administración poida autorizar que os efectos se produzan a partir dunha data determinada, sempre e cando ilo non resulte contrario ó interese público. Nesta liña, establece a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de outubro de 2005 (LA LEY 1938/2005) que “a tenor del párrafo segundo del artículo 182 del Reglamento, el cesionario queda subrogado en todos los derechos y obligaciones que correspondían al cedente, debiendo entenderse que esta subrogación se refiere a la totalidad del tracto de la relación contractual, y no se produce sólo a partir del momento en que se suscribe el contrato de cesión”. “[...] la finalidad del acto administrativo que autoriza la cesión es garantizar el interés público en el cumplimiento del contrato y de las obligaciones derivadas del mismo. Por tanto si existe otra entidad contratista que se considera apta para asumir las obligaciones contractuales y se entiende que el interés Público está garantizado, nada se opone a que la Administración esté actuando conforme a derecho al autorizar la cesión, y ello incluso en el caso de que sus efectos se contraigan a las obligaciones y derechos posteriores a la cesión misma. Pues la cuestión decisiva es que resulte garantizado el interés público en la ejecución de la obra, y así sucede cuando los posibles incumplimientos anteriores a la cesión puedan dar lugar a un resarcimiento de la Administración. Por otra parte y por lo que se refiere al caso de autos, ya que se hizo sin ninguna reserva, la autorización afectaba a la totalidad del negocio jurídico de cesión, y por tanto a la cláusula del contrato en que se materializó ésta en la que se establecían los derechos y obligaciones del cedente y el cesionario”.

Tendo en conta que o presente contrato ten unha plantilla numerosa de traballadores con dereito a subrogación, e que en caso de falla de pago dos salarios correspondentes ós mesmos esta Administración deberá responder de forma directa e solidaria (artigo 42.2 do ET), así como de forma subsidiaria das cotas de seguridade social (artigos 104 e 127.1 de LGSS), e subsidiariamente das obrigas tributarias (artigo 43.1.f LGT), parece contrario ó interese público renunciar a que o cesionario se subroga na posición do contratista dende o inicio do contrato. Consecuentemente, a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirá efectos dende a data do inicio da execución do mesmo.

-VI-  
Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

No presente caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ó non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronunciase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, que determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón.

No entanto, tendo en conta que a actuación da Intervención resulta necesaria para axustar os documentos contables á nova situación, parece aconsellable darlle traslado previo da presente proposta ós efectos oportunos.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*1º.- Autorizar a cesión do contrato do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo, adxudicado a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por resolución da Xunta de Goberno Local de 23 de novembro de 2010, á favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.*

*2º.- MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., deberá prestar garantía definitiva por importe de 437.751,46 euros, por calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente, LINORSA, S.A.U.*

*3º.- A cesión quedará condicionada á formalización da mesma en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ó Concello.*

*4º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(325).- CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SADI). EXPTE. 6749/224.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 8.04.16, conformado polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

**NORMATIVA APLICABLE:**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

**ANTECEDENTES:**

Primeiro.- En data 22 de marzo de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou:

*“Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia do Concello de Vigo.*

*Segundo: Aprobar o Prego de prescripcións técnicas particulares redactado pola xefa do servizo de Igualdade, de data 16 de marzo de 2016.*

*Terceiro: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de Contratación, de data 22 de febreiro de 2016.*

*Cuarto: Autorizar o gasto de 316.396,86 €, (a razón de 158.732,81€ /ano) que se imputará á partida “Sadi kanguros” 2311.2279902 do orzamento da concellería de Igualdade distribuído do seguinte xeito: 105.465,62 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2016; 158.198,43€ imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2017 e 52.732,81€ imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2018, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos futuros orzamentos.*

*Quinto: Abrir o procedemento de licitación dacordo coa lexislación vixente”.*

Segundo.- En data 7 de abril de 2016, a xefa do servizo de Igualdade remite ó servizo de Contratación dilixencia na que pon de manifesto un erro no IVE consignado no prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia do Concello de Vigo. No prego se consigna o tipo do 21%, sendo así, que segundo o informe emitido polo vocal do Tribunal Económico Administrativo con data 07-04-2016, este contrato está suxeito ó tipo reducido do IVE, 10%.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105 LRJAP).

No caso que nos ocupa, detectouse un erro na contía do IVE a soportar pola administración xa que este calculouse cun tipo do 21% cando o tipo aplicable a este contrato é do 10% segundo consta no informe emitido polo vocal do Tribunal Económico Administrativo con data 07-04-2016.

Ó terse en conta un IVE do 21% é preciso modificar os seguintes apartados do anexo I "FOLLAS DE CARACTERISTICAS DO CONTRATO" do prego de cláusulas administrativas:

- Apartado 3.B que establece como IVE a soportar pola administración a cantidade de 54.911,85 €, debendo ser 28.763.35 €.
- Apartado 3.C, indícase como VALOR ESTIMADO DO CONTRATO o de 549.118,03, debendo ser 604.030,37 euros.

Así mesmo, para unha mellor claridade no prego se engadirá no apartado 3.F) PREZOS UNITARIOS (IVE incluído) o prezo hora do contrato sen IVE e tamén se pedirá este prezo sen IVE no modelo de proposición do apartado 7.B do anexo I "FOLLAS DE CARACTERISTICAS DO CONTRATO".

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Rectificar os apartados do Anexo I "FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC)" do prego de cláusulas administrativas Particulares (PCAP) para a contratación por procedemento aberto do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia do Concello de Vigo, que se relacionan, que quedarán coa seguinte redacción:*

*Apartado 3.B IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 28.763.35€*

*Apartado 3.C VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 604.030,37 euros*

*Apartado 3.F PREZOS UNITARIOS sen IVE: 15,32 €/hora*

*Apartado 7.B.2: Propón como prezo hora para a prestación do servizo o de ..... euros/hora sen IVE".*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **5(326).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5238/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación do 8.04.16, conformado polo concelleiro delegado da Área de Contratación, pola titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).



- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (PPT).

#### ANTECEDENTES

AIR NOSTRUM L.A.M., S.A., empresa adxudicataria do contrato de servizos de promoción turística da cidade de Vigo, en escrito de data 6 de abril de 2016, comunica que non pode garantir poder operar no aeroporto de Bruselas polo momento. En consecuencia, solicita que se modifique o contrato e se substitúa na anualidade 2016 a ruta VIGO-BRUSELAS pola ruta VIGO-PARIS, aeroporto Charles de Gaulle. Fundamenta esta solicitude no impacto dos atentados acaecidos en Bruselas o pasado 22 de marzo no aeroporto e no metro. A consecuencia dos mesmos o aeroporto de Bruselas ten numerosos problemas operativos, e o contratista non ten a certeza de poder conseguir os slots que lle permitan operar voos no mesmo. Axunta coa solicitude as comunicacións enviadas polo General Manager do Aeroporto de Bruselas ás compañías aéreas operadoras informándolles da situación operativa do aeroporto, e advertíndolles do descoñecemento da data exacta de reapertura do citado aeroporto. Engade que estas circunstancias han motivado que “el destino Bruselas ha sufrido una fuerte caída a nivel de reservas, tanto hoteleras como de servicios turísticos asociados, que se ha frenado drásticamente. En paralelo se han cancelado ya muchos viajes programados. Todo ello desaconseja seguir con la operación aérea prevista desde Vigo con destino a Bruselas”.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 14 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 13 de novembro de 2014, trala tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local acordou “Adxudicar a AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A., o procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo (expediente 5238-104) por un prezo de 2.928.200 euros (IVE incluído), coas seguintes prestacións adicionais:

- Se compromete a apertura de 4 rutas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015.
- Se compromete a apertura de 4 rutas con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016.
- Propón 14.400 prazas anuais nas rutas ofertadas.

Na documentación anexa ó modelo de proposición especifica que:

- As 4 rutas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015 son Londres, Sevilla, Gran Canaria e Málaga.
- As 4 rutas con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016 son: Bruselas, Roma, Alicante e Menorca.
- Se fixa a data de inicio de cada unha das rutas.
- O dato de 14.400 prazas anuais corresponde a un promedio, que se desglosa do seguinte xeito:

Ano 2015: 8640 prazas  
Ano 2016: 17.280 prazas  
Ano 2017: 17.280 prazas

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Terceiro.- En data 24 de novembro de 2014, formalizouse o contrato, fixándose como data de inicio do mesmo ese día.

Cuarto.- En data 7 de abril de 2016, a xefa do servizo de Turismo, informa sobre a solicitude de modificación do contrato o seguinte:

*“1º Por causas alleas a AIRNOSTRUM, LAM, S.A. resulta imposible manter as condicións que reunía o destino Bruselas antes dos atentados terroristas do 22 de marzo de 2016 tal como é recollido no contrato. Hoxe os desperfectos materiais, os problemas de seguridade, a nova planificación de servizos e a detración do turismo en Bruselas o impide.  
2º.- Nesta situación AIRNOSTRUM, LAM, S.A. brinda a alternativa de permutar o vó internacional Vigo – Bruselas polo vó internacional Vigo – París, que reúne moi sobradamente as condicións de repercusión e proxección publicitaria que reunía Bruselas antes dos atentados.*

*Polo devandito, parece unha boa solución, favorable aos intereses municipais, que o vó Vigo – Bruselas se permute durante 2016 polo vó Vigo – París, polo que, segundo o previsto na cláusula 1.3.1 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de promoción turística por procedemento aberto, se informa favorablemente e se formula a seguinte proposta a Xunta de Goberno Local:*

*“Aprobar a modificación puntual do “contrato de servizos de promoción turística da cidade de Vigo” (expte.- 5238-104) consistente na permuta do vó Vigo – Bruselas contido na oferta de AIRNOSTRUM, LAM, S.A.(apartado 5.2.2) con inicio en xullo de 2016 polo vó alternativo Vigo – París, durante todo o ano 2016, toda vez que as razóns alegadas parecen suficientes, alleas a vontade da adxudicataria e que o valor da promoción turística da permuta é superior”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Lexislación aplicable á modificación

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

### Natureza da modificación do contrato e requisitos da mesma

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). No caso que nos ocupa o prego non prevé a modificación do contrato (cláusula 33 PCAP9. En consecuencia, o presente contrato so poderá modificarse aplicando o artigo 107 do TRLCSP.

É presuposto necesario para modificar un contrato, cando a modificación non está prevista nin nos pregos nin no anuncio de licitación, que concorran algunha das seguintes circunstancias (artigo 107.1 TRLCSP):

- a) Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- b) Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas
- c) Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos términos inicialmente definidos
- d) Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que o seu dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, produciuse con posterioridade á adxudicación do contrato.
- e) Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

Deberá xustificarse a concorrencia dalgunha destas circunstancias como presuposto necesario para modificar o contrato no caso de que no mesmo non se prevea a modificación.

No caso que nos ocupa, concorre unha causa de forza maior que fai imposible a realización da prestación nos términos inicialmente definidos, que pode encadrarse no suposto previsto no artigo 107.1.c. A saber: a consecuencia dos atentados acaecidos o pasado 22 de marzo no aeroporto de Bruselas, este ten numerosos problemas operativos e o contratista non ten a certeza de poder conseguir os slots que lle permitan operar voos no mesmo durante a anualidade 2016. Esta circunstancia consta acreditada no expediente, pois o contratista axunta coa solicitude de modificación as comunicacións enviadas polo General Manager do Aeroporto de Bruselas ás compañías aéreas operadoras informándolles da situación operativa do aeroporto, e advertíndolles do descoñecemento da data exacta de reapertura do citado aeroporto.

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un

10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP).

- Limites materiais: a modificación non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria (artigo 107.2 TRLCSP), especificándose no artigo 107.3 os supostos nos que se entende que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato:
  - a) Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.
  - b) Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.
  - c) Cando para a realización da prestación modificada fose necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.
  - d) Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.
  - e) En calquera outros casos en que poida presumirse que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.
- Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Así mesmo, é presuposto fundamental de calquera modificación contractual o interese público da mesma.

Analizaremos a continuación se concorren os requisitos legais para proceder á modificación do contrato.

Con respecto ós límites procedimentais, neste caso, existe conformidade do contratista á modificación, posto que é o que solicita a modificación, e non resulta necesario informe do Consello Consultivo en función do prezo do contrato, posto que a modificación proposta non afecta ó prezo do contrato.

Con respecto ós límites materiais, hai que por de releve que a modificación proposta refírese unicamente a un aspecto organizativo da prestación do contrato, pois o seu obxecto é a promoción turística que realizase a través de conectividade aérea. Non afecta as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato, non concorrendo ningunha das circunstancias previstas no artigo 107.3 para determinar esta alteración das mesmas. Efectivamente:

- Non varía a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada. Recordemos que o obxecto deste contrato é “a prestación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo en novos mercados turísticos, nacionais e internacionais, para atraer turistas procedentes de novos mercados mediante conectividade aérea directa dos mesmos coa cidade de Vigo” (cláusula 3 do PCAP). Nin o prego de cláusulas administrativas, nin o de prescricións técnicas, prevén os vos concretos a través dos cales realizar a promoción turística. Unicamente se aclaraba na citada cláusula que “A estes efectos consideraranse novos destinos aqueles que non dispoñen de ruta aérea directa coa cidade de Vigo con anterioridade á presente licitación. O obxectivo deste contrato é a promoción do destino Vigo en cidades dentro do territorio nacional, de

tamaño medio (por enriba de 150.000 habitantes) ou potenciar a conectividade insular da nosa cidade en temporada estival. Igualmente búscase a conectividade internacional, ben a través das principais urbes europeas ou través das cidades de menor tamaño pertencentes a áreas metropolitanas de maior dimensión. As accións a desenvolver se implementarán en cidades con liñas de conectividade directa coa cidade de Vigo, que xustifiquen a atracción de turistas de diferentes perfís/segmentos principalmente turismo de escapada (*citybreaker*), negocios, familiar, xoven, gastronómico e eventos/reunións (MICE)".

Para a adxudicación deste contrato valorábase con 60 puntos, como criterio de adxudicación avaliable mediante fórmula a "Apertura de conexións aéreas con novas cidades nas que se realizarán as accións de promoción" (cláusula 15.B.2 do PCAP), repartíndose a puntuación en función do número de rutas propostas con comercialización en 2014 e inicio de operacións en 2015, e con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016. Máis en ningún caso fixébase o destino concreto a comercializar. A única condición que establecíase era que o mesmo debería reunir os requisitos previstos na cláusula 3 e citados no parágrafo anterior.

É preciso engadir que, tal e como informa a responsable do contrato, a sazón, xefa do servizo de Turismo "o vó internacional Vigo – París reúne sobradamente as condicións de repercusión e proxección publicitaria que reunía Bruselas antes dos atentados" e engade que "o valor da promoción turística da permuta é superior".

- Non altera a relación entre a prestación contratada e o prezo, pois a modificación non afecta ó prezo do contrato.
- Para a realización da prestación modificada non resulta necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial nin unhas condicións de solvencia substancialmente distintas, pois unicamente se substitúe un voo internacional por outro.
- As modificacións do contrato non igualan nin excedan, en máis ou en menos, o 10 por cento do prezo de adxudicación do contrato, pois, esta modificación e a primeira que se propón deste contrato e non afecta, como se ten dito, ó prezo do mesmo.
- Non resulta presumible que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte no mesmo presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

Con respecto ós límites económicos, compre dicir que esta modificación non afecta ó prezo do contrato, polo que non resulta necesario compensar ó contratista.

Por último, é conforme o interese público á modificación proposta por canto, sendo o obxecto deste contrato a promoción turística, tal e como di a responsable do mesmo, o valor da promoción turística no destino París é superior ó destino Bruselas, máis neste momento en que, por mor dos atentados, e tal e como manifesta o contratista, produciuse unha retracción da demanda do destino Bruselas no mercado turístico.

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, restaría cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en

documento administrativo. En consecuencia, a presente proposta debe ser obxecto de informe xurídico e de fiscalización con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación.

-III-

### Garantías do contrato

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demórra do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese ós que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ó licitador primeiro clasificado. De non constituírse no prazo concedido ó efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

No entanto, no presente caso, a modificación non afecta o prezo do contrato, polo que non resulta necesario reaxustar a garantía definitiva.

-IV-

### Formalización do acordo de modificación do contrato e efectos do mesmo

A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá

que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-V-

#### Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar a modificación do contrato de servizos de promoción turística da cidade de Vigo consistente en substituír na anualidade 2016 das 4 rutas ofertadas por AIRNOSTRUM, LAM, S.A., con comercialización en 2015 e inicio de operacións en 2016 (Bruselas, Roma, Alicante e Menorca) a ruta VIGO-BRUSELAS pola ruta VIGO-PARIS, aeroporto Charles de Gaulle”*

*2º.- Formalizar por escrito a presente modificación”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(327).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB DE REMO VIRXE DA GUÍA CON MOTIVO DA ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BATEIS QUE SE VAI DESENVOLVER OS DÍAS 30 DE ABRIL E 1 DE MAIO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 14990/333.**

Visto o informe xurídico do 4.04.16 e o informe de fiscalización do 8.04.16, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.03.16, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor do Club de Remo Virxe da Guía ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Campionato de España de Bateles que se vai celebrar na cidade de Vigo entre o 30 de abril e o 1 de maio de 2016.*

*O Club de Remo Virxe da Guía, fundado no ano 1987, é unha asociación privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, según o artigo 1 dos seus estatutos, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas, sendo a súa práctica principal o remo.*

*En liña co cumprimento destes obxectivos, atopámonos que de forma xeral as actuacións da entidade van encamiñadas fundamentalmente ao fomento e promoción do deporte a través da di-*

*namización de actividades formativas, que materializa no desenvolvemento da súa escola de remo, a participación en competicións regulares no ámbito do deporte federado e a organización de eventos e actividades orientados á difusión do remo, posibilitando un maior achegamento á Sociedade Viguesa en xeral a esta modalidade tan tradicional e de gran arraigo na cidade de Vigo.*

*Unha das actuacións mais relevantes que o Club de Remo Virxe da Guía desenvolve no ano 2016 é a organización do Campionato de España de Bateles que se vai celebrar entre o 30 de abril e o 1 de maio de 2016.*

*Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do remo a nivel nacional, xa que nela participarán as mellores embarcacións do país, outorgando á competición un enorme valor competitivo.*

*Na Regata participarán 70 embarcacións e cerca de 400 remeros e remeras nas diferentes categorías, e se estima que cerca de 2.000 persoas acudirán ó que será un espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade.*

*A importancia desta competición radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular.*

*Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta de resolución para a adxudicación dunha subvención por importe de 5.000,00 euros ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Campionato de España de Bateles entre o 30 de abril e o 1 de maio de 2016.*

*Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor a nosa cultura como valor engadido ó desenvolvemento de propostas deportivas de interese xeral para a cidade de Vigo, como o Campionato de España de Bateles, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida polas entidades da cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida polo Club de Remo Virxe da Guía, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 5.000,00€ ao obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do dito Cto. De España que se celebrará na cidade de Vigo entre o 30 de abril e o 1 de maio.*

*As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade o Club de Remo Virxe da Guía é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares, e a única entidade coa autorización federativa necesaria. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención ó Club de Remo Virxe da Guía, co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.*

*Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

*–Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*



- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades tradicionais e de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Cto. de España de Bateles que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 30 de abril e o 1 de maio de 2016.

O Club de Remo Virxe da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14990/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do Club de Remo Virxe da Guía, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios

*recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

*Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club de Remo Virxe da Guía é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.*

*O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos xerados pola organización do Cto. de España de Bateles que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo entre o 30 de abril e o 1 de maio de 2016, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.*

*Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*O Club de Remo Virxe da Guía presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do Cto. De España de Bateles e o destino previsto da subvención.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Club de Remo Virxe da Guía das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.*

*O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.*

*A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:*

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.*
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
  - 1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
  - 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
  - 3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

*Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*PRIMEIRO: Aprobar o texto da resolución proposta a favor do Club de Remo Virxe da Guía, co CIF: G-36650273, para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do Cto. De España de Bateles que se vai celebrar na cidade de Vigo entre o 30 de abril e o 1 de maio, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:*

*a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar na financiación dos gastos vinculados co desenvolvemento do Cto. De España de Bateles que se vai celebrar na cidade de Vigo entre o 30 de abril e o 1 de maio de 2016.*

*b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.*

*c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club de Remo Virxe da Guía é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.*

*d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

e) Que o Club de Remo Virxe da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14990/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da finalización do evento subvencionado.

